

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 24 DE XULLO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero  
Dona Begoña Vázquez López  
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e catro de xullo de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once

horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 18 de xullo de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL ENTRE OS LUGARES DA TORRE (RODEIRO) E AXIAZ (AGOLADA)”**

O Sr. alcalde informa que por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 11 de febreiro de 2025, foi aprobado o proxecto técnico da obra de “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL ENTRE OS LUGARES DA TORRE (RODEIRO) E AXIAZ (AGOLADA)”, redactado polo enxeñeiro de

camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz, con data xaneiro de 2025, cun importe de execución por contrata de OITENTA E NOVE MIL SEISCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (89.657,21 €), IVE incluído.

A Dirección Xeral de Administración Local, por resolución de data 30/05/25, concedeu ao Concello unha subvención para dita obra por importe de 50.000,00 €, ao abeiro da Orde do 14 de xaneiro de 2025 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 18, do 28/01/25).

Xa que logo, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación do presente contrato vén fundamentada na obriga que teñen os concellos da prestación dos servizos de “*acceso aos núcleos de poboación*” e “*pavimentación das vías públicas*”, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Dirección Xeral de Administración Local.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL ENTRE OS LUGARES DA TORRE (RODEIRO) E AXIAZ (AGOLADA)”, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado sumario, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

### **3.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS POR GOCE DE VACACIÓNS**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Rosa María Beleda Presas, Dona María de los Ángeles Pampín Expósito e Dona Sandra Estévez Iglesias, traballadoras laborais fixas do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, teñen solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais durante o vindeiro mes de agosto do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente duns/dunhas novos/as traballadores/as que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provistos nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia das contratacións, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal

cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta do Departamento de Servizos Sociais, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliares de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, das seguintes traballadoras:

- ✓ MARÍA MARGARITA HERNANDO GOLMAR, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 1 e 18 de agosto de 2025, ambos inclusive, en substitución da traballadora Rosa María Beleda Presas.
- ✓ SILVIA PEREIRA GONÇALVES, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 4 e 22 de agosto de 2025, ambos inclusive, en substitución da traballadora María de los Ángeles Pampín Expósito.
- ✓ OMAIRA DEL CARMEN QUEVA ANTOIMA, con NIE núm. [REDACTED], a tempo parcial (20 horas/semana), entre os días 5 e 14 de agosto de 2025, ambos inclusive, en substitución da traballadora Sandra Estévez Iglesias.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

#### ***4.- AUTORIZACIÓN E INFORME PARA A CELEBRACIÓN DA PROBA DEPORTIVA DENOMINADA “1º SLALOM DE RODEIRO”***

Dáse conta aos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes da entrada no Rexistro municipal do seguinte documento:

- Escrito de data 14 de xullo do corrente (RE-E núm. 448) asinado por Don Mateo Varela Fernández, na súa condición de presidente da Asociación Escudería Lalín-Deza, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Lalín, polo que comunica ao Concello a celebración

o vindeiro día 16 de agosto do corrente da proba deportiva denominada “1º SLALOM DE RODEIRO”, que se desenvolverá en vías urbanas e interurbanas do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

Debidamente informados de canto antecede e á vista da documentación achegada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a utilización das rúas e estradas de titularidade municipal previstas para a celebración da proba deportiva solicitada. Esta autorización outórgase condicionada ao cumprimento da normativa de aplicación e sen prexuízo de calquera outro permiso ou autorización procedente e, en concreto, a dos titulares doutras estradas afectadas pola proba neste termo municipal (Deputación Provincial e Xunta de Galicia). Asemade, a organización deberá sinalizar axeitadamente o percorrido e adoptar as medidas oportunas para garantir a seguridade dos vehículos, peóns e espectadores. Aos citados efectos, deberá contar cunha póliza en vigor que asegure os eventuais danos e a súa correspondente responsabilidade civil.

Segundo.- Informar de xeito favorable a súa viabilidade, de conformidade co previsto no punto 2.2 a) da sección 1ª do Anexo II do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación.

## ***5.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE CAMBA***

VISTO o escrito presentado por Dona María del Mar Cambeiro Areán, na representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL E DEPORTIVA SAN XOÁN DE CAMBA, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Lamazares, parroquia de Camba (RE núm. 1081, do 27/06/25), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Xoán de Camba celebradas os pasados días 20, 21 e 22 de xuño do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

## **6.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DO SALTO**

VISTO o escrito presentado por Dona María Carmen de Arriba González, veciña do lugar de Alemparte, parroquia do Salto (RE núm. 1330, do 22/07/25), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santo Estevo do Salto celebradas os pasados días 5 e 6 de xullo do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

## **7.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 12,95 €  
Por subministro de doces para actos protocolarios, s/factura núm. 13504.
- PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA S.L.P. 6.171,00 €  
Honorarios por confección de estudo de actuacións na Casa do Concello, s/ factura núm. PXT 25-029.
- FERRODEIRO S.L. 757,04 €  
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 001498.
- MIGUEL CONDE VALES 78,17 €  
Por subministro de materiais para o acondicionamento da fonte de Rañestras, s/factura núm. C-201800795.

- COSAPLAG S.L.U. 70,24 €  
Por analíticas de salubridade da auga da piscina municipal, s/factura núm. 20252752 (FACe).
- COMERCIAL DE FUNDICIONES GALIPOINT S.L.U. 1.736,35 €  
Por subministro de pins de metal para a iniciativa “*Sabor Labrego 2025*”, s/factura núm. 24/127 (FACe).
- NEREA FIUZA MOSQUERA 943,80 €  
Por deseño de logos para a iniciativa “*Sabor Labrego 2025*”, s/factura núm. F005/25.
- AIDA SÁNCHEZ EXPÓSITO 270,00 €  
Por gravación de video para a iniciativa “*Sabor Labrego 2025*”, s/factura núm. 25/12 (FACe).
- MARÍA SALOMÉ BEIROA FERNÁNDEZ 363,00 €  
Por xornada de divulgación de queixos galegos dentro da iniciativa “*Sabor Labrego 2025*”, s/factura núm. 19/2025.
- FARO DE VIGO S.A. 477,95 €  
Por publicidade da iniciativa “*Sabor Labrego 2025*” no diario, s/factura núm. 2025F0000979 (FACe).
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 211,75 €  
Por publicidade da iniciativa “*Sabor Labrego 2025*” no diario, s/factura núm. I25/000628 (FACe).
- VOZ DE GALICIA RADIO S.L.U. 58,08 €  
Por publicidade da iniciativa “*Sabor Labrego 2025*” na emisora Radio Voz, s/factura núm. P25/000817 (FACe).
- UNIPREX S.A.U. 526,35 €  
Por publicidade da iniciativa “*Sabor Labrego 2025*” na emisora Onda Cero, s/factura núm. 2251024119 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- FERRODEIRO S.L. 31,61 €

Por subministro de materiais para obras, s/factura núm. 001499.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)